



Orixe:

Sección de Benestar Social e Igualdade
Deputación de Lugo
Praza San Marcos 8
27001- Lugo
Lugo

Asunto :

Informe da execución do contrato de prestacións a persoas maiores no
centro de atención a persoas maiores de Ribadeo. Lote-2
EXP0033SE18ABO

Destino:

Sr. Fernando Suárez Barcia
Sr. Alcalde -Presidente do Concello de Ribadeo
Praza de España 1
27700- Ribadeo
Lugo

Achégase informe relativo ao desenvolvemento actual da execución do contrato administrativo das prestacións a persoas maiores no centro de atención a persoas maiores de Ribadeo, lote 2-CAM Ribadeo, EXP0033SE18-ABO solicitado o 31.07.2019 por parte do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ribadeo.

A xefa de Benestar Social e Igualdade. Asinado dixitalmente

Código Seguro de Verificación	IV6Q4PRMPIOJW5NAIGDINCKI	Fecha y Hora	02/08/2019 18:51:07	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica			
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6Q4PRMPIOJW5NAIGDINCKI	Página	1/4	



Silvia García López, xefa de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo en calidade de responsable do contrato administrativo das prestacións no centro de atención a persoas maiores de Ribadeo, lote 2-CAM Ribadeo, EXP0033SE18-ABO, cuxa contratista é Clece, S.A., e a vista da solicitude de información relativa ao desenvolvemento actual da execución do citado contrato administrativo de servizos realizada o 31.07.2019 por parte do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ribadeo, expónse o seguinte:

A posta efectiva en marcha do CAM de Ribadeo, isto é, o ingreso efectivo das persoas usuarias tivo lugar o venres 14.06.2019, non obstante a adxudicataria acompañado co persoal do Concello de Ribadeo e da Deputación de Lugo inicio os preparativos para dar cobertura as prestacións establecidas no contrato o luns 10.06.2019 de maneira presencial no Centro, salientando que con anterioridade xa tiveron lugar diversas reunións para a planificación, coordinación da posta en marcha entre as partes citadas.

Inicialmente, e por consenso entre as partes, co obxecto de garantir a seguridade e calidade prestacional, non se efectuou o ingreso efectivo do número mínimo establecido para apertura (16), non obstante o persoal co cal contaba o Centro era para dar cobertura a unha ratio para as 16 persoas. Así dende a apertura os ingresos foron realizándose de maneira espazada no tempo e tendo en conta as necesidades de ingreso das persoas usuarias. Certo é que en algunha ocasión se tivo que pospoñer o ingreso efectivo, ao entender que se podía comprometer a adaptación da propia persoa usuaria ou das persoas que xa residían no Centro. En todo caso, non se deixou de facer ningunha incorporación de residentes que necesitaran de maneira inaprazable o seu ingreso efectivo.

Neste punto, cabe facer unha paréntese para salientar que, a pesar dos requisitos cos cales tiñan que ingresar as persoas usuarias, en moitos casos as usuarias derivadas doutros centros, cando chegaron ao CAM de Ribadeo viñan nunha situación delicada e con carencias documentais, de pertenzas, etc., o cal supuxo adicar un tempo a reorganizar e deseñar á nova planificación asistencial. Desde o CAM de Ribadeo, tanto o equipo interdisciplinar como o equipo de atención directa saben que a atención ás persoas usuarias é o que prima, polo que houbo que deixar e desenvolver certas actividades planificadas en aras de resolver problemas non provocados pola propia actividade do Centro. Como exemplo, cabe destacar que 8 persoas usuarias chegaron ao Centro presentando úlceras por presión (UPP) de diferentes graos de gravidade. Isto supuxo, reducir a prestación adicada á atención a aspectos que para o persoal do Centro son moi importantes, como a animación sociocultural, para prestar todos os cuidados ás persoas máis dependentes e que non poden facelo por si mesmas: cambios posturais, programación de curas, visitas ao Centro de Saúde, vixilancias programadas por parte das xerocultoras, establecemento de diminución de puntos de presión, etc, aparte, obviamente, da asistencia sanitaria que requiren este tipo de lesións.

Cabe tamén mencionar que os obxectivos dispostos polo persoal da Deputación de Lugo en canto aos cuidados ás persoas dependentes teñen como filosofía os cuidados centrados na persoa. Isto significa que o CAM de Ribadeo solicita as mínimas contencións e suxeicións posibles, xa que se entende que agreden a dignidade da persoa, tendendo sempre a diminuír as contencións aínda que en outros centros viñesen con elas postas. Isto conlevou estar se cabe aínda máis atentos ás persoas con maior risco de caídas.

Tamén este modelo centrado na persoa se basea no maior grao de transparencia posible, tendo en conta como vértice indispensable ás familias. No CAM de Ribadeo non se ten horario de visitas. Calquera familiar pode ir visitar a seu ser querido e incluso se se atopa encamado, pode e debe subir a velo. Esta circunstancia supón unha maior exposición, unha maior transparencia, co conseguinte maior carga de traballo, e por tanto, unha esixencia máis elevada se cadra (abrir as portas, atender o teléfono...). Todas as semanas ademais (ao sumo 15 días), se realiza unha chamada aos familiares para referir o estado do seu familiar, aparte de comentar os obxectivos que desde o equipo interdisciplinar se van establecendo.

Así e nesta situación de ingresos continuados, e polo tanto, coincidindo co período de adaptación de todas as persoas usuarias supón: desenvolver a avaliación do ingreso, a avaliación do período de adaptación, a atención aos familiares dos residentes, etc., unido todo elo a que o persoal do Centro esta formado por un conxunto de persoas que traballaban por primeira vez xuntas, non cabe mais que sinalar o esforzo e implicación humano de todo o persoal tanto do Concello de Ribadeo, da adxudicataria como da Deputación de Lugo, sen esquecer a outros axentes sociais

Código Seguro de Verificación	IV6Q4PRMPIOJW5NAIGDINCSKI	Fecha y Hora	02/08/2019 18:51:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6Q4PRMPIOJW5NAIGDINCSKI	Página	2/4





como o persoal do Centro de Saúde, o cal atenden a demanda sanitaria derivaba do Centro: asignación da/o médico de familia, asignación do persoal de enfermaría, controis de coagulacións, analíticas, curas, urxencias ambulatorias, consultas rutinarias, consultas de revisións, etc., as cales se atenden as usuarias no PAC ou no propio Centro, véndose nalgúns casos desbordados por coincidir co incremento poboacional que se da nesta época estival en Ribadeo, tendo que suplir dalgún xeito algunhas desas prestacións polo persoal do propio CAM. Notar neste punto o relativo aos acompañamentos médicos, resulta importante resaltar que o acompañamento desde o CAM de Ribadeo a calquera consulta ou urxencia é unha medida anecdótica noutros centros de maiores. Tendo isto en conta, desde o Centro considérase relevante reseñar a causa da saída (se é unha emerxencia ou se é unha consulta programada). Ante as consultas programadas sempre acude un xerocultor como acompañante que poida resolver dúbidas que durante a consulta poidan aparecer, aparte de transportar medicación ou documentación da usuaria. Cando se trata dunha emerxencia, na ambulancia xa está presente persoal titulado. A pesar disto, un representante do centro sempre acudiu coa usuaria ata que a familia chegou ás instalacións sanitarias.

Que dúbida cabe, que seguramente durante estes primeiros días de funcionamento existiran e existan erros non intencionados, pero que en ningún momento puideron comprometer a seguridade o a saúde das usuarias.

En relación á adxudicataria, ao igual que o resto de axentes participantes do Centro, está facendo unha labor de mellora diaria, froito diso, é o reforzo que os pasados días trouxeron doutros centros de España para intentar mellorar a formación do persoal e intentar dar un novo impulso de mellora e calidade. A día de hoxe, responde as peticións de dende a Deputación de Lugo, ben directamente pola que subscribe o pola Responsable do Centro, tal e como se reflicte nos pregos de prescricións técnicas que rexen a contratación.

Os puntos débiles que o CAM de Ribadeo ten a día de hoxe, considérase pola quen subscribe, que van a superar na medida que as adaptacións das usuarias se vaian completando, así como, o período de adaptación das persoas traballadoras. O aumento da ocupación do Centro vai a permitir ter mais persoal, co obxecto de cumprir os ratios establecidos nas ratios en atención directa, que na actualidade regúlase actualmente na Orden do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores da Consellería de Sanidade e Asuntos Sociais da la Xunta de Galicia (DOG núm. 88, do 06.05.1996), así como, polas obrigas establecidas nos amentados PPT, o que redundará nunha mellora calidade prestacional.

Centrando o informe na petición expresa do desenvolvemento do contrato administrativo de servizos, notar que o obxecto de contratación, é a cobertura das prestacións do servizo de atención residencial incluídas nas áreas de formación básica e instrumental, área de actividades e programas, así como, de servizos xerais, establecidas no Anexo I do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e determínase o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, consideradas como básicas:

- A. Área de actividades e programas.
 - a. Actividades de ocio e tempo libre.
- B. Área de formación básica e instrumental.
 - a. Asistencia ás actividades básicas e instrumentais da vida diaria.
- C. Área de Servizos xerais.
 - a. Aloxamento.
 - b. Manutención e dietas especiais.
 - c. Limpeza e mantemento.

Código Seguro de Verificación	IV6Q4PRMPIOJW5NAIGDINCSKI	Fecha y Hora	02/08/2019 18:51:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6Q4PRMPIOJW5NAIGDINCSKI	Página	3/4





- d. Xestión e administración.
- e. Supervisión e vixilancia.
- f. Lavandería/xestión de roupa.

As áreas citadas de prestacións, están sendo cubertas por parte da adjudicataria dende o primeiro día, coas adaptacións realizadas co motivo da falta de subministro do gas, para o cal coordinouse coa solución óptima facilitada polo Concello de Ribadeo: primeiro mediante o uso das instalacións do propio Centro e posteriormente coa contratación de apoio exterior dun catering e unha lavandería. En todo caso, ningunha persoa deixou de percibir as prestacións amentadas con calidade e cos requisitos establecidos nos PPT (frecuencias, horarios, entregas, etc.). A día de hoxe, a cociña e lavandería funcionan co normalidade, pudendose dar nun futuro incidencias propias do desenvolvemento das actividades.

En relación a área de actividades e programas, Clece S.A., conta cunha animadora cun contrato de 20 horas semanais para desenvolvelas. En relación a esta área se está en contacto coa adjudicataria en aras de fomentar mais actividades dirixidas aos diferentes perfís das persoas usuarias.

En relación a área de formación básica e instrumental, salienta que a adjudicataria conta coa ratio de obrigado cumprimento, que se pode comprobar a simple vista de maneira presencial e coas carteleiras de persoal que constan publicadas no Centro. De maneira mais formal e acreditativa, a Deputación conta con unha certificación da empresa na que consta o persoal designado ao Centro. Ase mesmo, cando reciba a primeira factura, poderá comprobar os TC´s, etc., que lle facilita a empresa en aras de facer as comprobacións oportunas. No centro así mesmo consta documentación dos traballadores, que nestes días se está a complementar por parte da adjudicataria.

En relación a área de Servizos xerais, sinala que a adjudicataria conta co persoal establecido nos PPT, e ben a desenvolver as súas tarefas segundo establecen os protocolos presentados pola mesma na licitación en base aos protocolos exixidos nos PPT.

En conclusión, o desenvolvemento nas prestacións obxecto do contrato administrativo de servizos das prestacións no centro de atención a persoas maiores de Ribadeo, lote 2-CAM Ribadeo, EXP0033SE18-ABO, cuxa contratista é Clece, S.A, pódese considerar neste momento que se axusta aos PPT, coas incidencias propias do inicio dunha actividade tan complexa como é a que nos ocupa. Salientando que se está a avaliar de maneira permanente co obxecto de mellorar día a día en aras de proporcionar a mellor calidade prestacional as persoas que viven no Centro, respectando e na liña na atención centrada na persoa.

Isto é o que se informa pola que subscribe, con sometemento ao criterio mellor fundado.

Sen outro particular,

A xefa de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo.

Asinado dixitalmente

Código Seguro de Verificación	IV6Q4PRMPIOJW5NAIGDINCSKI	Fecha y Hora	02/08/2019 18:51:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6Q4PRMPIOJW5NAIGDINCSKI	Página	4/4

